



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 05)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño.

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **trinta e un de xaneiro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTA E CATRO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE MONTERROSO, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escrito da Alcaldía do Concello de Monterroso, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019,



fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevee colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Monterroso

O Concello de Monterroso presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
MONTERROSO	175	REFORZO DE FIRME NA ESTRADA DE SIRGAL, P.K. 2+820 – 3+750, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	11.031,21€

Así mesmo, por escrito de data 22/01/2020, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
MONTERROSO	REM	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL EN SAN PEDRO	1531.76201	--	11.031,13€	11.031,13€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado polo importe indicado, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo respectivo Concello, no Plan único 2019, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.



A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Monterroso e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
MONTERROSO	REM	MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL EN SAN PEDRO	1531.76201	--	11.031,13€	11.031,13€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE CASTRO DE REI.- PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA GRANXA EXPERIMENTAL, GRANXA GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

“(…)

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra Castro de Rei.- Pavimentación do entorno da Granxa Experimental. Granxa Gayoso Castro. O proxecto técnico da obra está redactado polo enxeñeiro da área de recursos sostibles, D. Jaime Caldeiro Pérez.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 3 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.



Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico.

O contrato adjudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adjudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adjudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adjudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HAC/1272/2019, de 16 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir del 1 de xaneiro de 2020.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante

a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente e mencionase no propio PCAP.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Certificado da intervención xeral, de data 17/01/2020 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4120.632 por importe de 146.160,17 €, (tendo en conta que o IVE é deducible), do vixente orzamento xeral.

A esta contratación aplícaselle a doutrina de inversión do suxeito pasivo, en relación ao réxime do IVE, -artigo 84 da Lei 37/1992-.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeiro da área de Recursos Sostibles, D. Jaime Caldeiro Pérez, xunto coa memoria emitida ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e na memoria, que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 8 semanas, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 20/01/2020, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do



proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, facendo constar a plena dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución das expresadas obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: Castro de Rei.- Pavimentación do entorno da Granxa Experimental. Granxa Gayoso Castro, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de

acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 176.853,81 €, dos cales 30.693,64 € corresponden ao IVE (21%). (A esta contratación aplícaselle a doutrina de inversión do suxeito pasivo, en relación ao réxime do IVE, artigo 84 da Lei 37/1992)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE POBRA DO BROLLÓN.- CONSTRUCCIÓN DE CENTRO RESIDENCIAL DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con data de 13 de xuño de 2019 formalizouse contrato administrativo para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón coa adxudicataria Prado Lameiro SL.

O servizo de arquitectura ten informado con data de 22 de novembro de 2019 en documento (accesible na sede electrónica desta administración) con CSV: IV6R4CJTNR6L6ULWIANBYZCG4, de diversos incumprimentos de obrigas do contratista que teñen natureza de obrigas contractuais esenciais, que teñen determinado por causas alleas a esta administración que a execución da obra non se tivera iniciado.

Na instrución de dito expediente foi emitido Informe xurídico polo servizo de contratación e fomento co conforme da Secretaria Xeral con CSV: IV66U4AM3Y6OTHFPAMYRKRSSIE do seguinte teor literal:

“Informe Xurídico



Incoación do procedemento de resolución do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adxudicado á entidade Prado Lameiro SL,

Consta como antecedentes ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:

Con data de 13 de xuño de 2019 formalizouse contrato administrativo para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón coa adxudicataria Prado Lameiro SL.

Consta solicitude de resolución do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada pola adxudicataria Prado Lameiro SL con rexistro de entrada 3402 , baseándose na demora inxustificada na comprobación do replanteo da obra.

Acta de comprobación do replanteo de data 2 de outubro de 2019 , con observacións ó dorso.

Informe da xefa do servizo de arquitectura con CSV : IV6RUDADMEH4JDPMATQNIPR76I , no que conclúe que non procede estimar a solicitude do contratista nos seguintes termos:

“Como conclusión, entendemos, que no procede atender a la petición de contratista de resolución del contrato por la casusa recogida en el artículo 245.a), invocada por la representante de la empresa en el escrito de 29 de julio que exige una demora injustificada en la comprobación de replanteo ya que por una parte no hay tal demora injustificada y por otra parte y en todo caso la demora producida se debe tanto a la actuación de la administración como del propio contratista.”

As mesmo, consta no expediente que esta administración ten respostado notificando o acordo da xunta de goberno de 18 de outubro de 2019, desestimando a solicitude de resolución formulada polo contratista ó acreditarse que non concorre a causa invocada.

Desestimar a solicitude de resolución contractual do contrato para a construción dun centro residencial no concello da Pobra de Brollón formulada por Prado Lameiro S.L., e conseguintemente da indemnización instada por esta causa.

Por outra banda, o servizo de arquitectura ten informado con data de 22 de novembro de 2019 en documento (accesible na sede electrónica desta administración) con CSV : IV6R4CJTNR6L6ULWIANBYZCG4, de diversos incumprimentos de obrigas do contratista que teñen natureza de obrigas contractuais esenciais, que teñen determinado por causas alleas a esta administración que a execución da obra non se tivera iniciado.

Entre ditos incumprimento sinaláronse as seguintes carencias :

“Seguimiento da ejecución da obra en tempo real a través de cámaras web.

Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e saúde elaborado en base ao estudo de seguridade e saúde incluído no proxecto técnico, antes da comprobación do reformulo.... “

O deber de entregar, a administración contratante, antes de comezar a execución do contrato, a respectiva cadea de mando, debidamente detallada..... “

Visto o anterior, requiriuse ó adxudicatario para que, sen prexuízo da imposición das penalidades e demais consecuencias establecidas no prego, procedese ó inmediato cumprimento do contrato nos seus termos, de xeito contrario, e transcorridos 5 días dende a recepción desta comunicación poderase interpretar por esta administración como vontade deliberada de incumprir o contrato.

Fronte dito requirimento o contratista realizou comunicación de data 23 de decembro de 2019 na que considera que non lle son imputables os incumprimentos do contrato.



Así mesmo este departamento ten coñecido, por comunicación da asesoría xurídica, da interposición dun recurso contencioso administrativo fronte o acordo de data 18 de outubro de 2019 polo que se desestima “ a solicitude de resolución contractual do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada por Prado Lameiro SL e conseguintemente da indemnización instada por esta causa”.

Resultan fundamentos xurídicos :

- A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.
- O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001
- Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obligacional incorporados ó expediente .

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

Consideracións Xurídicas:

Sobre os antecedentes a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o actual estado de inexecución da obra .

Como inicio das consideracións do presente compre recordar, que a execución do contrato non se ten iniciado, e que polo tanto se está a frustrar a finalidade e necesidade do mesmo cuxa satisfacción motivou o inicio do expediente.

Compre indicar igualmente e con carácter xeral que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado , e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...”

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “lex contractus”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

Por último, compre recordar que esta administración ten resolto a solicitude de resolución contractual suscitada polo contratista desestimándoa por apreciar que non concorre a causa esgrimida polo contratista, non existindo óbice para a tramitación das demais incidencias que poidan xurdir incluídas distintas causas de resolución tal e como se deriva no disposto no art. 211.2.

Respecto da situación de execución da obra, dos datos obrantes no expediente se deriva a falta de inicio da execución da mesma, aínda que se teñen verificado os aspectos físicos do replanteo, operando a falta de cumprimento das obrigas do contratista como circunstancia impeditiva do inicio da execución material.

De acordo co informado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, e vistas as alegacións do contratista de data 23 de decembro de 2109 como resposta ó requirimento para que procedese a cumprir coas súas obrigas recollidas nas cláusulas que se citan, consta acreditado cando menos que o contratista non ten procedido ó :

Establecemento dun sistema de “a)Seguimiento da ejecución da obra en tempo real a través de cámaras web (cláusula 2.2.2)”.

Baste sinalar que da propia manifestación do contratista se extrae que dita obriga non se ten atendido .

Entrega da cadea de mando debidamente detallada á administración antes de comezar a execución .

Das manifestacións do contratista non se conclúe o cumprimento da súa obriga, antes ó contrario dos informes obrantes se deriva que non lle consta á xefa do servizo de arquitectura que se tivese atendido á mesma.



Finalmente e como incumprimento de profunda relevancia no canto impide de xeito fundamental o inicio da execución material dos traballos o contratista, non ten procedido á “c) Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e saúde elaborado en base ao estudo de seguridade e saúde incluído no proxecto técnico, antes da comprobación do reformulo.... (cláusula 2.2.3).”

Polo tanto, aínda que se tivo celebrado o acto de replanteo con data de 2 de outubro, o incumprimento do contratista impedía que este se tivese perfeccionado, e se puidera proceder á apertura do centro de traballo e inicio dos traballos de acordo coa normativa aplicable.

Das alegacións do contratista se pode extraer a concorrencia do incumprimento, ó poñer de manifesto a falta de observancia das obrigas contractuais tomando como base a súa particular interpretación da letra do prego no tanto sinala de forma clara as súas obrigas e o xeito e procedemento para a súa atención.

Respecto dos tres incumprimentos contractuais comunicados polo Servizo de Arquitectura, resulta preciso destacar :

Que todos eles implican a inobservancia de obrigas esenciais.

Que a relativa á falta de entrega do plan de seguridade e saúde, ademais implica a imposibilidade de inicio da execución material, e polo tanto, implica que o replanteo, mais aló de cumprir coa súa función de verificar, a dispoñibilidade efectiva os terreos e viabilidade do proxecto, non poida surtir os efectos que lle son propios respecto do inicio, e polo tanto que a responsabilidade sobre a falta do inicio lle corresponda en exclusiva ó contratista a pesares de ser requirido de xeito expreso para que proceda o cumprimento das súas obrigas.

Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias .

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais , sinala o prego

“O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.”

Ditos artigos sinalan :

Art. 211 f “Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos.....”

Art. 202.3 “Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211....”

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e con carácter inicial causas de resolución do contrato, todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados con pleno respecto ó principio de contradición, por canto poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería os seguintes efectos a aplicar á entidade Prado Lameiro SL :

Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25 , art. 110 d, 213.3 da LCSP) .



Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada , entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente a execución da dita obra. (prego cláusula 25 , art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001 .

Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado . (art. 19.1 do RXCAP) .

Sobre o procedemento a seguir

A teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 cabe o inicio de oficio de dito expediente baixo os seguintes requisitos :

Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais

Audiencia nó mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.

Informe do Servicio xurídico, trámite que se esta a cumprimentar co presente requirindo o preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal, ou emisión por esta do informe que estime procedente, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención, cando proceda.

Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

Sobre o órgano competente

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó órgano de contratación que adopte acordo nos seguintes termos :

Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adxudicado á entidade Prado Lameiro SL, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer posibles incumprimentos ó abeiro da documentación obrante no expediente.

Dar trámite de audiencia a Prado Lameiro SL, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días hábiles na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

Resolto o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que e de trámite non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

Dar traslado ó Servizo de Arquitectura, o Servizo de Contratación e Fomento e a Intervención Provincial.”



Polo que vai dito propoño á xunta de goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adxudicado á entidade Prado Lameiro SL, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer posibles incumprimentos ó abeiro da documentación obrante no expediente.

2º.- Dar trámite de audiencia a Prado Lameiro SL, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días hábiles na medida que puidese proceder a incautación da garantía depositada.

3º.- Resolto o expediente de resolución iniciar no seu caso a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Notificar ao contratista o acordo que se adopte , con indicación de que contra a mesma que e de trámite non cabe a interposición de recurso algún sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

5º.- Dar traslado ó Servizo de Arquitectura, o Servizo de Contratación e Fomento e a Intervención Provincial”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA PERSOAL DESDE DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación de data 27 de xaneiro de 2020, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio e memoria xustificativa, con CSV: IV6R67QJDDR4VLU36HVVIJYR4E.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV6R6DICOA6T4SJS2FEVOP3EAA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV6R7WLNPN4ZZZPZ4NMX4JSQCQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV6RYXJ7OBGYJD55YYUXERAT64.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV6RY2TPFRFCTNPLWFWHM42TEA.

Informe fiscalización/intervención limitada previa do expediente, con CSV: IV6RY2Q6DJUOLGJY23QAGV7H4I.

Acordo da Xunta de Goberno, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV6RYEBCDQZLZO6NAFM4P4SQME.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).



Acta da mesa de contratación, reunida en acto público, con data 26 de decembro de 2019, con CSV: IV6R2DXJEFZM7C7PZQHCCJJXFY.

Acta da mesa de contratación, reunida en acto público, con data 16 de xaneiro de 2020, con CSV: IV6RGX24AFU7XPZMZUUGOZZBGA.

Resolución de Presidencia de data 21 de xaneiro de 2019, con CSV: IV6RGEJ6Z75C3OODRQQHMQIQGQ., notificada o 23 de xaneiro, pola que se procedeu a requirir á empresa Zalo S.L. a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

A empresa Zalo S.L. atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa o día 27 de xaneiro de 2020 (número de rexistro: 2020RT000264).

Lexislación Aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral e concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas.

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de vestiario para persoal da Deputación de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos. Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a. Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

A contratación ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP: adquisición de produtos ou bens mobles.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.



O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado “sumario”, con pluralidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á posibilidade que, a estes efectos, establece o artigo 159.6 da LCSP para contratos de servizos de valor estimado inferior a 35.000 euros.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios de adxudicación reflíctense, debidamente puntuados, no prego de cláusulas administrativas, resultando todos os criterios suxeitos a fórmulas matemáticas e con apreciación automática.

O contrato non está suxeito a regulación harmonizada nin a recurso especial en materia de contratación, dado o seu importe, segundo o estipulado no artigo 21 da LCSP.

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 26 de decembro de 2019, deuse conta que os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

Lote 1: Vestiario de inverno para condutores.

- Albino González S.L.
- Lugo Moda S.L.
- Zalo S.L.

Lote 2: Vestiario de inverno de porteiros e porteiras.

- Albino González S.L.
- Modo Caste S.L.
- Zalo S.L.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa respectiva proposta, procedeuse á apertura e exame do sobre electrónico único, que contén a documentación administrativa / proposta económica e documentación cuantificable de forma automática, resultando que as empresas presentaron as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas.

A Mesa de contratación acordou admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura dos Anexos que conteñen as proposicións económicas con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, resultando o seguinte:

LOTE 1 Condutores			ALBINO GLEZ S.L.	LUGO MODA SL	ZALO SL
	Ptos. Max.	Imp. Max. IVE incluído/días máx	OFERTA		
1. OFERTA ECONÓMICA	85	5.380,00	5.203,00	4.960,00	3.812,00
2. Menor prazo de entrega	15	45	35,00	40,00	30,00

LOTE 2 Porteiros/as			ALBINO GLEZ SL	MODO CASTE SL	ZALO SL
	Ptos. Max.	Imp. Max. IVE incluído/días máx	OFERTA		
1. OFERTA ECONÓMICA	85	11.375,00	10.655,26	8.457,90	8.981,00
2. Menor prazo de entrega	15	45	35,00	10,00	30,00

As ofertas presentadas ao lote 1 (vestiario de inverno de condutores) considéranse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, segundo o previsto no art. 149.4 da LCSP, se están por debaixo de 3.947,40 euros. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais. Por tanto, a oferta para o lote 1 de Zalo SL atópase en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

As ofertas presentadas ao lote 2 (vestiario de inverno de porteiros e porteiras) considéranse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, segundo o previsto no art. 149.4 da LCSP, se están por debaixo de 7.847,51 euros. En calquera caso, considerárase desproporcionada a



baixa superior a 25 unidades porcentuais. A oferta para o lote 2 de Modo Caste S.L. atópase en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, por ser a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

A Mesa acordou conceder trámite de audiencia aos licitadores a fin de que xustificaran as ofertas e precisaran as condicións das mesmas, no prazo de cinco días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP. Esta xustificación trasladouse ás unidades xestoras para a súa validación, no seu caso.

Na sesión da Mesa de contratación celebrada o día 16 de xaneiro de 2020 deuse conta das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

En canto ao lote 1 (vestiario condutores), a empresa Zalo S.L. presentou xustificación que foi trasladada ao Parque Móbil, que informou o seguinte:

En relación aos prezos ofertados pola empresa Zalo, S.L. para o Lote 1 (vestiario de inverno para os condutores do Parque Móbil), se informa que a citada empresa xustifica eses prezos alegando que forma parte dun grupo de compra formado con outras empresas do mesmo sector, que lles permite negociar e axustar os prezos, conseguindo mellores condicións. Polo anteriormente exposto se considera xustificada a baixa anormal ou desproporcionada.

En canto ao lote 2 (vestiario porteiros/as), a empresa Modo Caste presentou xustificación que foi trasladada á Unidade de Vixilancia e Portería, que informou o seguinte:

(...) Por la Unidad de Vixilancia e Portería se informa lo siguiente:

En el requerimiento efectuado a la licitadora por esta Diputación, se le solicitaba que justificara y desglosara razonada e detalladamente el bajo nivel de los precios, costes o cualquier otro, para valoración de su oferta y precisara sus condiciones, en los aspectos particularmente señalados en el apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que se procede a analizar.

El ahorro que permita el procedimiento de fabricación (se entiende para suministros).

El licitador manifiesta ser fabricante de las camisas, medias e calcetines (medias e calcetines no son objeto del contrato por lo que no le afecta) lo que le supondría ahorro de costes. Sin embargo, las camisas (aún incluyendo también las blusas, que no especifica si las fabrica) solo representan el 15% del presupuesto, siendo por tanto muy superior el importe correspondiente a prendas que no fabrican directamente. Por otra parte, manifiesta ser fabricante de las camisas pero no lo acredita por ningún medio, tampoco describe la maquinaria de que dispone ni los costes de amortización. No presenta los convenios de colaboración con los proveedores de hilo o tejido, o facturas o presupuestos de estos que demuestren ahorros en las compras de materiales.

El licitador no acredita ser socio inversor del fabricante de calzado ni presenta acuerdos de colaboración con fabricantes de las otras prendas (trajes, abrigos, corbatas, pañuelos, cintos) ni especifica los precios a través de ningún medio como facturas o presupuestos.

Polo tanto, no se estiman suficientemente justificadas las afirmaciones de la empresa sobre los ahorros que pretende conseguir, ya que las prendas objeto de fabricación externa representan el 85% do contrato.

El cuadro de desglose de precios es insuficiente y no se acompaña de ninguna factura o presupuesto. Además, existe una incongruencia en el porcentaje de gastos generales, ya que en el apartado a.2.3. Memoria explicativa gastos generales, declaran un porcentaje de 5,5%.

Las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para suministrar los productos.

La Memoria presentada por la licitadora contiene un apartado denominado “Situaciones ventajosas. Condiciones favorables para ejecución do contrato”, que no añade nada a lo anterior (maquinaria y taller propio).

Declara contar con operarios especializados, mas no especifica ni cuantifica el ahorro que esta circunstancia puede suponer.



La innovación u originalidad de las soluciones propuestas para suministrar los productos.

No se menciona por el licitador.

El respeto de obligaciones que resulten aplicables en materia medioambiental, social o laboral, y de subcontratación.

No se menciona por el licitador.

La posible obtención de una ayuda del Estado.

No se menciona por el licitador.

Conclusión.

La justificación no explica satisfactoriamente el bajo nivel de precios o costes propuestos por el licitador dado que es incompleta. La documentación remitida no consigue desvirtuar la presunción de anormalidad en la que incurrió, de acuerdo con lo establecido en los pliegos.

Además, la justificación se fundamenta en hipótesis inadecuadas desde el punto de vista técnico y económico, ya que existen discrepancias entre los datos proporcionados en la memoria y en el cuadro con el desglose.

En definitiva, la licitadora no proporciona datos que permitan la apreciación de la viabilidad de la oferta o que pueda ser cumplida, no se garantiza la ejecución correcta del contrato y, por lo tanto, no se estima justificada la oferta presentada.

A cláusula décimo terceira do PCAP (ofertas con valores anormalmente baixos ou desproporcionados) establece:

(...) Se o Órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos preceptivos, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluírá a mesma da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, consonte fosen clasificadas, de acordo co art. 150.1 da LCSP.

Polo tanto, a licitadora Modo Caste S.L. foi excluída da clasificación e procedeuse á valoración dos criterios automáticos coas licitadoras admitidas, resultando o seguinte:

LOTE 1 Condutores			ALBINO GLEZ S.L.	LUGO MODA S.L.	ZALO S.L.
	Ptos. Max.	Imp. Max. IVE incluído/días máx	OFERTA		
1. OFERTA ECONÓMICA	85	5.380,00	5.203,00	4.960,00	3.812,00
2. Menor prazo de entrega	15	45	35,00	40,00	30,00
			VALORACION		
			62,28	65,33	85,00
			12,86	11,25	15,00
			75,14	76,58	100,00
LOTE 2 Porteiros/as			ALBINO GLEZ S.L.	ZALO S.L.	
	Ptos. Max.	Imp. Max. IVE incluído/días máx	OFERTA		
1. OFERTA ECONÓMICA	85	11.375,00	10.655,26	8.981,00	
2. Menor prazo de entrega	15	45	35,00	30,00	
			VALORACION		
			71,64	85,00	
			12,86	15,00	
			84,50	100,00	

Por Decreto da Presidencia de data 21 de xaneiro de 2020, adoptouse a seguinte Resolución:

Excluír á licitadora Modo Caste, S.L. da licitación, con base no informe técnico, ao non considerarse xustificada a súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.



Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

Lote 1 (vestiario de inverno para condutores).

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ZALO S.L.	100
2	LUGO MODA S.L.	76,58
3	ALBINO GONZALEZ S.L.	75,14

Lote 2 (vestiario de inverno para porteiros/as).

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ZALO S.L.	100
2	ALBINO GONZALEZ SL	84,50

Requirir á empresa ZALO S.L., para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refiren os artigos 159.4 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. O día 20 de novembro de 2019, notificouse o requirimento á empresa. A empresa presentou o 27 de xaneiro a documentación solicitada, en tempo e forma.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial”.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa, Zalo S.L., a contratación dos lotes 1 e 2 da subministración de vestiario para persoal da Deputación de Lugo.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a subministrar á Deputación de Lugo o vestiario para persoal descrito no Prego de Prescricións Técnicas, nun prazo de 30 días naturais e por un importe de:

Lote 1 (vestiario de inverno para condutores): 3.150,40 euros, aos que se engadirán 661,60 euros (21%) en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.812 euros.

Lote 2 (vestiario de inverno para porteiros/as): 7.422,31 euros, aos que se engadirán 1.558,69 euros (21%) en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8.981 euros.

3º.- Determinar que o prezo contractual financiarase con cargo ás aplicacións seguintes do Orzamento do ano 2020:

Lote 1 (vestiario de inverno para condutores): 9201.22104

Lote 2 (vestiario de inverno para porteiros/as): 9200.22104

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en



documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con data de 19 de agosto de 2019 formalizouse contrato administrativo para a prestación do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo coa adxudicataria Tempo Facility Services SL.

O responsable do contrato ten informado con data de 29 de xaneiro de 2019 en documento (accesible na sede electrónica desta administración) con CSV : IV66U6BLDA5SVHGMSIQNCYSCO4, de diversos incumprimentos de obrigas do contratista que teñen natureza de obrigas contractuais esenciais. Na mesma liña se recibiron escritos de dúas centrais sindicais con rexistro de entrada 2019RPE028421 e 2019RPE028422.

Na instrución de dito expediente foi emitido Informe xurídico polo servizo de contratación e fomento co conforme da Secretaria Xeral con CSV: IV66U4BCLM72QT4Y4YHNMNZ3OD4 do seguinte teor literal:

“Inicio de expediente de resolución do contrato de “Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo”.

Consta como antecedentes ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:

Acordo de Xunta de Goberno do día 15 de xuño do 2018, polo que se aproba o procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas co obxecto de proceder á contratación do Servizo de Limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo.

Acordo de Xunta de Goberno do día 15 de febreiro do 2019, polo que se declara deserto o procedemento de contratación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación de Lugo, no que respecta aos lotes 1,3,4 e 5.

Solicitud de consignación orzamentaria, cos estudos de custes.

Prego de prescricións técnicas.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Informe da Unidade de Vixilancia e Portería sobre a necesidade administrativa a satisfacer.

Orde de inicio do expediente de contratación.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

Memoria xustificativa.

Acordo da Xunta de Goberno de data 15 de marzo do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto, xunto cos pregos reitores.

Anuncio de licitación remitido ao Diario Oficial da Unión Europea o día 04 de abril de 2019, e publicado neste diario o día 09 de abril de 2019.

Anuncio de licitación publicado no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (aloxado na plataforma de contratos do sector público), xunto cos pregos de cláusulas



administrativas e de prescricións técnicas, e resto de documentación complementaria con data 08 de abril do 2019.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16 de maio de 2019 para a dación de conta das empresas presentadas, a apertura dos sobres relativos á documentación administrativa (Sobres A), a apertura dos sobres relativos aos criterios de adxudicación non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Informes de valoración dos sobres B.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 17 de xuño de 2019 para a dación de conta dos informes técnicos avaliadores dos sobres B, apertura e avaliación dos sobres C e proposta de adxudicación.

Resolución de Presidencia de data 21 de xuño de 2019, pola que se clasifica aos licitadores presentados pola súa orde de importancia e ponderación e se require á empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L., a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas

Solicitud de aclaracións; trámite evacuado o día 21 de xuño de 2019.

Requirimento de documentación administrativa, cursado na data do 24 de xuño de 2019.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público o día 28 de xuño de 2019, para a dación de conta das aclaracións presentadas polos licitadores.

Documentación aportada pola empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L., o día 08 de xullo de 2019, e completada o día 10 de xullo de 2019.

Acordo de Xunta de Goberno do día 12 de xullo de 2019, polo que se adxudica á empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L. a contratación dos servizos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo.

Contrato administrativo formalizado o día 19 de agosto de 2019, coa empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L. e acta de inicio da prestación do servizo da mesma data.

Informe do Responsable do contrato, no que se manifestan incumprimentos reiterados por parte da empresa adxudicataria das obrigas contractuais.

Resultan fundamentos xurídicos :

A lei do contratos do sector público 9/2017.

O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001.

Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obrigacional incorporados ó expediente .

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

Consideracións Xurídicas:

Sobre os antecedentes e a natureza xurídica das incidencias contractuais.

Visto o expediente de contratación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, no que se relacionan os diversos antecedentes aos que por economía nos remitimos, salientando o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que se aprobaron na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial o día 15 de xuño do 2018, así como o contrato administrativo formalizado coa empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L. o día 19 de agosto de 2019 e a acta de inicio da prestación do servizo da mesma data. O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de limpeza dos distintos edificios e



dependencias da Deputación Provincial de Lugo, de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Con carácter previo, cómpre indicar que con carácter xeral as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado , e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 do RCAP. As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha.

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “lex contractus”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

Considerando o Informe do Responsable do Contrato no que se manifesta o incumprimento reiterado por parte da empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L., no que se atinxe tanto a obrigas xerais recollidas no PPT, como ás obrigas laborais e salariais adquiridas no momento da adxudicación do contrato respecto aos traballadores subrogados da anterior adxudicataria, infórmase o seguinte:

Respalando as manifestacións do responsable do contrato, consta entrada de dous escritos no rexistro desta administración o día 27 de decembro de 2019, escritos de distintas centrais sindicais con rexistro de entrada 2019RPE028421 e 2019RPE028422 respectivamente, nos que se fan constar reiterados incumprimentos salariais, por parte da empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L. en relación co contrato de referencia.

En primeiro lugar, e dada a distinta natureza e gravidade que teñen os incumprimentos descritos no Informe do Responsable do contrato, cómpre dilucidar, por unha banda se os mesmos constitúen per se causa de resolución xenérica, específica ou se resulta máis acaído incoar o procedemento de imposición de penalizacións económicas -proporcionais á gravidade do incumprimento- previsto para tales efectos no PCAP.

En caso de concorrer varias causas de resolución, é preciso indagar realmente en cal é a causa de resolución realmente procedente.

Vense recoñecendo en materia contractual, de acordo cunha consolidada doutrina, pola xurisprudencia ao igual que polos ditames, de alto contido doutrinal nesta disciplina, que en caso de concorrer pluralidade de causas de resolución, operará a primeira que se tivese producido no tempo; considerando que cando un feito poida ser subsumido en dúas causas de resolución prevalecerá a causa de contido máis específico sobre aquela de contido máis xeral (cítase a modo de exemplo os ditames 2230/2004 do Consello de Estado e o 700/2011 da Sección Segunda do Consello Consultivo de Canarias).

Así as cousas, faise preciso tamén diferenciar se entre o incumprimento de obrigas diferentes á principal se atopa algunha das configuradas como esenciais no PCAP a efectos de converter o seu incumprimento en causa de resolución do contrato.

No tocante aos incumprimentos das obrigas contractuais xerais, en concreto a falta de reposición de subministros obrigatorios, tales como papel hixiénico e a deficiente calidade e cantidade dos medios empregados para a prestación do servizo, á falta de cobertura do servizo e á falta de cobertura das baixas, sinalar, que os referidos incumprimentos se poderían reconducir, a xuízo do que subscribe, a través do procedemento sancionador previsto no propio PCAP, posto que se recolle no PCAP como moi grave, entre outras, a falta de cobertura do servizo polos limpadores/as, que motiven unha quenda completa ao descuberto, e como falta grave - tamén entre outras- non facilitar aos empregados a roupa e equipo de traballo necesarios.

A maior abundamento, na referida cláusula se recolle que, en función dos prexuizos que se produzan ao contratante e en función das características da falta, o contratante poderá optar entre impoñer a pertinente sanción económica ou optar pola resolución do contrato con perda da fianza definitiva, sen prexuízo da reclamación por danos e prexuizos na contía que aquela non cubra o seu importe.

No caso de optar pola imposición de penalidades recóllese no propio PCAP o procedemento a seguir, que se iniciaría comunicando por escrito ao adxudicatario a proposta de



penalización coa enumeración dos feitos que o motiven, concedéndolle ao contratista un prazo de cinco días hábiles para facer as alegacións que considere oportuno.

Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias

Non se poden manter as consideracións das obrigas contractuais xerais no relativo aos incumprimentos salariais, posto que se ben no propio PCAP se recolle como causa de resolución contractual específica, a recollida no artigo 211.1. letra i) da LCSP, e dita causa de resolución non opera no presente suposto, de conformidade co establecido no artigo 212 da LCSP, por non superar os salarios adeudados pola empresa o cinco por cento do prezo de adxudicación do contrato.

Esta obriga convírtese en causa especial de resolución do contrato ex artigo 192.2 en relación co artigo 211.1.f, ambos da LCSP, ao recollese na cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas entre as condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos de resolución contractual do artigo 211.1.f da LCSP. Na amentada cláusula no seu apartado “i” recóllese literalmente como obriga contractual esencial o pagamento dos salarios dos traballadores adscritos á execución do contrato.

Consta na opinión deste informante , que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais e polo tanto que as mesmas constitúen en si mesma e con carácter inicial causas de resolución do contrato, todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados con pleno respecto ó principio de contradición, por canto poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual , establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato , así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería os seguintes efectos a aplicar á entidade TEMPO FACILITY SERVICES S.L.:

Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25 , art. 110 d, 213.3 da LCSP).

Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada , entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente a execución do citado servizo. (prego cláusula 25, art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001 .

Posible declaración de prohibición para contratar , no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado (art. 19.1 do RXCAP) .

Sobre o procedemento a seguir

A teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 cabe o inicio de oficio de dito expediente baixo os seguintes requisitos :

Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais.

Audiencia ó mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.

Informe do Servicio xurídico , trámite que se esta a cumprimentar co presente e sen prexuízo do seu preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal , e sen prexuízo da fiscalización pola intervención cando proceda.

Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos de los expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.



Sobre o órgano competente

Ao abeiro do disposto no artigo 59 , do regulamento orgánico provincial no seu apartado 12 corresponde a xunta de Goberno local como órgano de contratación a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada , corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó órgano de contratación que adopte acordo nos seguintes termos:

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Iniciar o procedemento para a resolución do contrato de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do disposto polo artigo 211.1.f da LCSP, por constituir o impago de salarios por parte da empresa adxudicataria, o incumplimento por parte do contratista dunha obriga esencial calificada como tal nos PCAP.

Proceder de conformidade co artigo 191.1 da LCSP e 109 do RXLCAP, á apertura do trámite de audiencia á empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L. e á entidade avalista da garantía definitiva presentada por un prazo de dez días hábiles a contar dende a recepción da notificación do presente acordo.

Resolto o expediente de resolución iniciar no seu caso a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

Notificar ao contratista o acordo que se adopte , con indicación de que contra a mesma que e de trámite non cabe a interposición de recurso algún sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

Dar traslado ao Responsable do contrato e á Intervención provincial.”

Polo que vai dito propoño á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do disposto polo artigo 211.1.f da LCSP, por constituir o impago de salarios por parte da empresa adxudicataria, o incumplimento por parte do contratista dunha obriga esencial calificada como tal nos PCAP.

2º.- Proceder de conformidade co artigo 191.1 da LCSP e 109 do RXLCAP, á apertura do trámite de audiencia á empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L. e á entidade avalista da garantía definitiva presentada por un prazo de dez días hábiles a contar dende a recepción da notificación do presente acordo.

3º.- Resolto o expediente de resolución iniciar no seu caso a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Notificar ao contratista o acordo que se adopte , con indicación de que contra a mesma que e de trámite non cabe a interposición de recurso algún sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

5º.- Dar traslado ao Responsable do contrato e á Intervención provincial”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “SERVIZO PARA LA EJECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIONES DE CONSERVACIÓN EN LA RED VIARIA PROVINCIAL 2019-2021”. ZONA 4.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada con data, 13 setembro de 19 acordou “adxudicar a execución do “Servizo para a execución de diversas operacións de conservación na RVP –Lote 4- (Zona 4)- a Nexia Infraestructuras SLU, cun prazo de execución de 2 anos. A adxudicataria dará cumprimento ás melloras ofertadas por enriba do mínimo establecido no prego de prescricións técnicas, así como as ofertadas como calidade no emprego, xunto coas restantes obrigas fixadas nos pregos reitores coa cualificación atribuída”.

Con data 16 de outubro de 2019 formalizouse o correspondente contrato

A contratista Nexia infraestructuras SLU , con data de 28 de xaneiro de 2020.comunicou a esta Deputación “ non dispoñibilidade de medios “ para a execución do contrato.

Formulouse Proposta do responsable do contrato respecto do Procedemento de resolución do contrato administrativo de servizos para a execución de diversas operacións de conservación na R.V.P. da Excma. Deputación Provincial de Lugo Lotes 1-8. - Lote 4.

Emitiuse informe do Director facultativo do contrato “Execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial [...] Lote 4” sobre Incumplimentos do contrato de “Execución de diversas operacións de conservación [...] Lote 4”.

Na instrución do presente expediente foi emitido Informe xurídico polo servizo de contratación e fomento co conforme da Secretaria Xeral con CSV: IV66UDRMLAXOV2UPYVPV45DCIA do seguinte teor literal:

“Informe Xurídico

Asunto: Iniciación do expediente de resolución do contrato de "Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021". Zona 4 .

Consta como antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes:

Comunicación “de non dispoñibilidade de medios” remitida pola contratista Nexia infraestructuras SLU, con data de 28 de xaneiro de 2020.

Proposta do responsable do contrato respecto do Procedemento de resolución do contrato administrativo de servizos para a execución de diversas operacións de conservación na R.V.P. da Excma. Deputación Provincial de Lugo Lotes 1-8.

Informe do Director facultativo do contrato “Execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial [...] Lote 4” sobre Incumplimentos do contrato de “Execución de diversas operacións de conservación [...] Lote 4”.

Resultan fundamentos xurídicos :

A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.

O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001

Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obrigacional incorporados ó expediente.

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;



Consideracións Xurídicas:

Sobre os antecedentes e a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o actual estado de inexecución do servizo.

Como inicio das consideracións do presente compre recordar, que debe garantirse o respecto ós prazos establecidos na normativa para a elaboración e emisión dos informes preceptivos que se incorporan ó expediente, evitando que do constrinximento dos mesmos se produzan limitacións ó seu alcance, así mesmo, debe considerarse a urxencia coa que se deben adoptar as decisións en relación á falta de prestación dun contrato que afecta á seguridade de bens e persoas que transitan polo viario provincial e a obriga desta administración da adopción con celeridade de cantas medidas resulten posibles para garantir o normal funcionamento do servizo público.

Compre indicar igualmente, e con carácter xeral que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP, cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...” .

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “*lex contractus*”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

Das diferentes circunstancias comunicadas pola unidade xestora a través dos responsables do contrato, destacando a falta de execución do contrato e desatención dos requirimentos, con declaración expresa da indispoñibilidade de medios necesarios para a execución do contrato, comunicada polo propio contratista, se está a frustrar a finalidade e satisfacción do mesmo, se esta a prexudicar por tanto, o interese xeral ó que serve o contrato administrativo.

Respecto dos incumprimentos contractuais comunicados pola unidade xestora resulta preciso destacar :

Que a falta de atención dos requirimentos e paralización unilateral na execución dos traballos (cláusula 22.4 infraccións moi graves e as súas consecuencias) e a indispoñibilidade dos medios (cláusula 22.2 f), supoñen causas para iniciar o expediente de resolución ó teor do disposto no prego e na normativa tanto por representar a inobservancia de condicións esenciais , como por incorrer en incumprimentos cuxa tipificación e gradación, implica consecuencias de maior alcance.

Que existe urxencia na adopción dos acordos propostos, e risco para a seguridade na falta de adopción dos mesmos.

Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias .

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais , sinala o prego que “....., o contrato extinguirase pola súa resolución (artigo 209 da LCSP), acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 211 da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 213 da LCSP.

Igualmente serán causas de resolución do contrato as establecidas como condicións esenciais e especiais de execución, agás que proceda a aplicación de penalidades.”

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais (cláusula 22.2 f), así como que se teñen verificado incumprimentos que constituirían incumprimentos moi graves (cláusula 22.4) e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e con carácter inicial, causas de resolución do contrato, todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados con pleno respecto ó principio de contradición, por canto poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

Así mesmo, se esgrimen pola unidade xestora outras causas adicionais mencionando o concurso e a falta de observancia das condicións vinculadas as relacións laborais cuxa acreditación require de ampliación da documental incorporada ó expediente, e que se podería verificar na fase de instrución.



A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería os seguintes efectos a aplicar á entidade Nexia Infraestructuras SLU:

Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25 , art. 110 d, 213.3 da LCSP) .

Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada , entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente o contrato. (prego cláusula 25 , art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001 .

Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP).

Así mesmo, pola unidade xestora se propón a adopción de outras medidas de carácter provisional, en garantía do normal funcionamento do servizo de titularidade provincial e evitación de riscos para bens e persoas, que se xeran como consecuencia do abandono da prestación por parte do contratista e pola súa exclusiva responsabilidade na desatención das súas obrigas contractuais, debendo pospoñer a fase liquidatoria ó momento en que se determine finalmente e tras a tramitación oportuna a procedencia da extinción do contrato por causas anormais.

Así se propón a suspensión na prestación do contrato polo adxudicatario do lote 4 levantando acta coas formalidades legalmente previstas, o que parece razoable, en tanto o contratista se declara desprovisto de medios para a execución do contrato.

Por outra banda, se informa da comunicación realizada ó amparo do PPT para a cobertura dos traballos por incidencias sobrevidas que afecten á seguridade viaria, pola adxudicataria da zona 8 limítrofe, FEVISA VIAS Y OBRAS SL, designada para ditas actuacións que se poidan verifiquen nas condicións descritas , coa seguinte motivación, comunicada na data de hoxe polo director facultativo “parece razoable que sexa unha das empresas adxudicatarias limítrofes a que teña unha mellor capacidade de resposta por atoparse xeograficamente máis próxima.

Sendo tres as zonas limítrofes (zona 1, zona 3 e zona 8) e considerando igualmente solventes ás respectivas empresas adxudicatarias, decídese aplicar de novo o mesmo criterio de proximidade como garante dunha atención máis rápida e eficiente, así, analizando cales destas tres empresas teñen unha implantación dos seus medios máis próxima á zona 4 resulta que teñen os seus medios implantados nun concello limítrofe a adxudicataria do lote 8 cuxa sé atopar en O Saviñao e a adxudicataria do lote 4 [sic*] cuxa sede atopar en Outeiro de Rei pero cuxos medios atópanse repartidos entre os concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei, estando a implantación da adxudicataria do lote 1 en Xove. Polo exposto, parece que a empresa que dispón dos medios máis próximos á zona 4 é a adxudicataria do lote 8, FEVISA VÍAS E OBRAS S.L.” *entendese do contexto que o director facultativo se refire á zona 3.

Sobre o procedemento a seguir

A teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 cabe o inicio de oficio de dito expediente baixo os seguintes requisitos :

Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais

Audiencia nó mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.

Informe do Servicio xurídico, trámite que se esta a cumprimentar co presente requirindo o preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal, ou emisión por esta do informe que estime procedente, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención, cando proceda.



Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

Sobre o órgano competente

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando, a proposta da unidade xestora, os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó órgano de contratación que adopte acordo nos seguintes termos :

Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de "Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021". Zona 4 , adxudicado á entidade Nexia Infraestructuras SLU , polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer posibles incumprimentos ó abeiro dá documentación obrante no expediente, tendo especial relevancia polo risco que supón o abandono das tarefas de conservación.

Dar trámite de audiencia a Nexia Infraestructuras SLU , e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días hábiles na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

Resolto o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que e de trámite non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

Dar traslado ó Servizo de vías e obras, o Servizo de Contratación e Fomento e a Intervención Provincial.

Suspender de xeito cautelar a execución do contrato por parte do adxudicatario do lote 4 no tanto ten manifestado falta de disposición dos medios para a súa prestación, e ate a completa resolución de dita incidencia.

Ratificar a comunicación realizada polo director facultativo, notificando a presente á entidade FEVISA VÍAS Y OBRAS SL , adxudicataria do Lote 8, para cobertura de incidencias sobrevidas que afecten directamente á seguridade vial, para garantir a seguridade dos usuarios da rede viaria provincial no ámbito territorial da zona 4, ate nova comunicación en contrario . . ”

Polo que vai dito propoño á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de "Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021". Zona 4, adxudicado á entidade NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer posibles incumprimentos ó abeiro da documentación obrante no expediente, tendo especial relevancia polo risco que supón o abandono das tarefas de conservación.



2º.- Dar trámite de audiencia a NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días hábiles na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

3º.- Resolto o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que e de trámite non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

5º.- Dar traslado ó Servizo de vías e obras, o Servizo de Contratación e Fomento e á Intervención Provincial.

6º.- Suspender de xeito cautelar a execución do contrato por parte do adxudicatario do lote 4 no tanto ten manifestado falta de disposición dos medios para a súa prestación, e ate a completa resolución de dita incidencia.

7º.- Ratificar a comunicación realizada polo director facultativo, notificando a presente á entidade FEVISA VÍAS Y OBRAS SL , adxudicataria do Lote 8, para cobertura de incidencias sobrevidas que afecten directamente á seguridade vial, para garantir a seguridade dos usuarios da rede viaria provincial no ámbito territorial da zona 4, ate nova comunicación en contrario” .

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación relativa a Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Folgoso do Courel, para a execución dos fins comúns consistentes na “Construción de Residencia e Centro de Día da Terceira Idade no Concello de Folgoso do Courel”, aprobado na sesión da Xunta de Goberno de data 23 de marzo de 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins comúns consistentes na Construción de Residencia e Centro de Día da Terceira Idade no Concello de Folgoso do Courel, no que literalmente se establece:

“Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 23 de marzo de 2018, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Construción de Residencia e Centro de Día da Terceira Idade no Concello de Folgoso do Courel.

En data 26 de xullo de 2018, asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel, no que entre outros se recollía na cláusula sexta, relativa a duración do convenio:

“(…)A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de decembro de 2019, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”



Dona Dolores Castro Ochoa, Alcaldesa do Concello de Folgoso do Courel, achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 31 de decembro de 2019, dentro do prazo de vixencia, a través do que manifesta “... Visto que entre as obrigas e compromisos que lle corresponden á Deputación Provincial de Lugo están os de redactar e aportar o proxecto técnico para a construción da residencia e centro de día así como actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras.

Visto que a día de hoxe aínda se está en proceso de redacción do proxecto e non se iniciou o proceso de contratación por parte da Deputación Provincial de Lugo e polo tanto, a execución do referido Convenio está pendente das actuacións que lle corresponden á Deputación Provincial.

Por todo o exposto, solicito:

Unha prórroga da duración do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins comúns consistentes na Construción de Residencia e Centro de Día da Terceira Idade no Concello de Folgoso do Courel, polo prazo necesario para a execución dos investimentos previstos no referido Convenio.”

O clausulado do convenio que resulta afectado por este cambio é o seguinte:

A cláusula 6ª, en canto a duración do convenio interadministrativo

O citado convenio contempla, na cláusula sétima, a posibilidade da súa modificación, co seguinte tenor:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Deste xeito, a cláusula referenciada, queda redactada da seguinte maneira:

“Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido: colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

Este sistema cooperativo vese confirmado polo artigo 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en tanto que regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, articula, neste caso a través de un convenio guiado por



consideracións de interese público. Neste sentido, o parágrafo segundo deste artigo 31 contempla a posibilidade de que as entidades pertencentes ao sector público poidan acadar a realización conxunta de contratacións específicas (...).

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”.

A cooperación organizada a través do convenio que se modifica, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Respecto aos títulos competenciais en materia de servizos sociais, ademais dos xenéricos da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre citar a lexislación sectorial autonómica, Lei de servizos sociais de Galicia, cuxo art. 64 bis introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, do Parlamento de Galicia, de medidas fiscais e

administrativas, referente a promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais, a través da formalización de convenios administrativos de colaboración entre a administración autonómica(...) e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

Esta lexislación sectorial autonómica é título idóneo para atribuír competencias as entidades locais, conforme a doutrina do TC (STC 41/2016).

E encanto os títulos competencias da Deputación Provincial a nivel da LSSG, 13/2008, cuxo artigo 63 en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Resultan plenamente aplicables os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 28 de xuño de 2018, emitido a efectos da súa aprobación.

Na cláusula sexta do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencia e centro de día de atención a persoas maiores no municipio de Folgoso do Courel, aprobado pola Xunta de Goberno de data 23 de marzo de 2018, establécese a vixencia do mesmo dende o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo (...). A estes efectos o límite temporal debe respectar é o sinalado no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

E dado que na data actual está pendente o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo, e non existe vontade das partes en declarar a súa extinción, faise necesario a



súa modificación. O convenio non esta en ningunha das situacións de extinción do mesmo, de acordo co clausulado do mesmo, non se afecta a dereitos de terceiros e a súa modificación redunda no interese xeral buscado polas partes con este convenio.

Ademais, o concello dentro do prazo de vixencia solicitou a súa prórroga, vontade coincidente coa desta Deputación, en ampliar a vixencia do convenio para dar cumprimento os fins sinalados no mesmo e pendentes de execución a data actual. Neste senso podemos citar que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela-A Mancha, REC. 289/1997, conclúe que non ha lugar a extinción ao haber sido formulada a solicitude de prórroga dentro do prazo.

A Administración segue tendo a obriga de resolver a solicitude de prórroga solicitada en prazo (art. 21 e 24 da LPAC). O Convenio non se encontra liquidado e a modificación do prazo de vixencia, é posible, dentro dos termos do convenio.

No mesmo sentido, podemos citar que a Constitución española recolle como principios da ordenación do gasto público: a equidade na asignación dos recursos públicos e o criterio de eficiencia e economía na súa tramitación e execución co fin de optimizar os recursos materiais e humanos para que as decisións da Administración sexan obtidas cos menores custos (art. 31 e 103 da CE).

Polo que, considerar extinto o convenio, dado a vontade das partes en continuar coa prestación, a tramitación de un novo, sería contrario os principios constitucións de eficiencia e economía.

En conclusión, entendendo que o convenio neste momento non está extinguido, ao non estar cumpridos os compromisos e obrigas do mesmo, non contestada a solicitude de prórroga do concello de Folgoso do Courel e mediando acordo de vontade das partes e posible a prórroga e a modificación do mesmo.

A cláusula sétima do mesmo dispón: “(...)“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito

convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”; con estas determinacións, a modificación pretendida do convenio podería levarse a cabo cumpríndose coa regulación legal establecida ao respecto, e as propias estipulacións conveniadas.

O art. 49 letra g) da Lei 40/2015, do 1 outubro, LRXP, precisa que réxime da modificación se pode incorporar o contido do convenio, tal e como sucede ca antedita cláusula.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo os artigos 46 e 47 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018, en relación coa delegación de atribucións de Presidencia, publicada no BOP o 27-07-2018 e a circular da Secretaría Xeral de data 30 de xullo de 2018, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de prórroga e modificación do Convenio a medio de addenda, onde se fai constar a modificación identificada no presente informe, dadas as razóns de interese xeral expostas, necesario para alcanzar os fins e obxectivos perseguidos co aquel sistema de cooperación (acción colaborativa).

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Este informe substitúe a calquera outro emitido para o mesmo fin.”



Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Folgoso de Courel para a execución dos fins comúns consistentes na Construción de Residencia e Centro de Día da Terceira Idade no Concello de Folgoso do Courel, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE SUSPENSIÓN DE OBRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Proposta de aprobación, se procede, da suspensión total obra PERF Aforros SARRIA: Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)-Pintín-Sarria (LU-633)", PK 15+480 al 17+495 y LU-P-5702 "Pedrafita (LUP5703)-Sabadelle-Vilanova de San Vicente de Froian", PK 0+000 al 2+611.

Visto o informe emitido por Héctor Diéguez Aranda, director técnico das obras Rehabilitación superficial de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)-Pintín-Sarria (LU-633)", P.K. 15+480 al 17+495 y LU-P-5702 "Pedrafita (LU-P-5703)- Sabadelle-Vilanova de San Vicente de Froian", PK 0+000 al 2+611. SARRIA, que di:

“Que as obra adxudicadas a FEVISA Vías e Obras por acordo da Xunta de Goberno de data 3 de maio de 2019.

Que se asinou a acta de comprobación de reformulo o día 12 de agosto de 2019 contando con seis (6) meses de prazo para a execución das mesmas, debendo finalizar, por tanto, o 12 de febreiro de 2020 como data límite.

Que a día de hoxe e unha vez limpadas as cunetas, non se pode continuar cos traballos de formigonado, extendido de mbq nin sinalización debido ás inclemencias meteorolóxicas, non sendo viable a execución das obras tal e como estaba previsto no proxecto técnico.

Por todo iso, polo director técnico que subscribe, propónse a suspensión total das citadas obras, mediante a firma da acta de suspensión, ata que melloren as condicións climatolóxicas para proceder á execución das mesmas, procedéndose nese momento a continuación das obras mediante a firma da súa correspondente acta. A suspensión afecta a toda a obra.

Por parte do contratista renunciarase expresamente a calquera reclamación de danos e prexuízos efectivamente sufridos debido á suspensión.

Se o Órgano de contratación acorda a suspensión do contrato, estenderase unha acta de suspensión, en cumprimento do disposto no artigo 208 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Dado que as competencias segundo o Regulamento da Deputación en materia de contratación corresponden a Xunta de Goberno, é polo que o Servizo de Vías e Obras propónse á Xunta de Goberno suspensión total das citadas obras”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 27 DE XANEIRO DE 2020 RELATIVA Á APROBACIÓN DE CUSTES CORRESPONDENTES Á PRÓRROGA DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE BANCA, A CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CAJAS DE AHORRO, A UNIÓN NACIONAL DE



COOPERATIVAS DE CRÉDITO E A ENTIDADE PÚBLICA RED.ES, PARA A PRESTACIÓN TRANSITORIA DO SERVIZO DE PAGO TELEMÁTICO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE DATA 15 DE XULLO DE 2008.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Antecedentes

Visto o informe do Servizo de Comunicación e TICs, da data, no que se informa do seguinte xeito: “En relación á aprobación de custes correspondentes á prórroga de adhesión ao convenio de colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Red.es para a prestación transitoria do servizo de pago telemático na Administración Pública, procede informar dos seguintes extremos:

Antecedentes

En data 20 de xaneiro de 2020, o Servizo de Contratación e Fomento emite informe que literalmente di:

“Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de decembro de 2010, adoptou, entre outros, o acordo de adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es, para a prestación do Servizo de Pago Telemático na Administración Pública.

No BOE do 6 de abril de 2018, publicouse a resolución do 15 de marzo de 2018, da Entidade Pública Empresarial Red.es, M.P, pola que se publica a “Addenda al Convenio con la Asociación Española de Banca, la CECA y la Unión Nacional de Cooperativas de Crédito, para la

prestación del servicio de pago telemático en la Administración Pública, na que se fixa como prazo de duración do convenio ata o 2 de outubro de 2020, sen posibilidade de prórrogas adicionais.

No Acuerdo de Modificación de las Tarifas Aplicables en el Marco del Convenio de Colaboración entre la Asociación Española de Banca, la Confederación Española de Cajas de Ahorros, la Unión Nacional de Cooperativas de Crédito y la Entidad Pública Empresarial Red.es para la prestación del Servicio de Pago Telemático en la Administración Pública, acordouse “Mantener las tarifas del servivicio por números de habitantes y tipo de organismo, sin modificación con respecto al año 2018, y sin dejar efecto la aplicación de la comisión por el uso del pago con tarjeta ajena de manera transitoria, quedando las tarifas como se detalla en el anexo adjunto”.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de xaneiro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Prorrogar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Asociación de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorros, a Unión Temporal de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es para a prestación do servicio de pago telemático na Administración Pública, ata o 2 de outubro de 2020.

Aprobar o custo derivado da mesma por importe de 6.730,02€ (5.562€ + 1.168,02€ IVE).”

O 19 de decembro de 2019 a Intervención Provincial remitiu a esta Sección de Fomento (Servizo de Contratación e Fomento), informe da Interventora, de data 18 de decembro de 2019 no que literalmente se di:

“Asunto: Solicitud de consignación orzamentaria para a prórroga de adhesión ao convenio de colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Cajas De Ahorros, a Unión Nacional De Cooperativas De Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.Es, para a prestación do servizo de Pago Telemático, con duración dende o 25 de xaneiro ao 2 de outubro de 2020. Logo de ver a solicitud para a citada consignación, emítese o seguinte informe:



O importe total da prórroga do convenio ascende a 4.636,24€ euros, IVE engadido, e finánciase con cargo a anualidade 2020, aplicación orzamentaria 9340.22799, RC.: 220199/679.

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, estando incluído no orzamento para o 2020, aprobado inicialmente polo Pleno do 5 de decembro de 2019, a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

O 16 de xaneiro de 2020 este Sección de Fomento informou favorablemente a asignación de crédito polo importe de 4.636,24€, para a prórroga do convenio con Red.es, polo período que vai dende o 25 de xaneiro de 2020 ao 2 de outubro de 2020, sen posibilidade de prórrogas adicionais, tendo en conta que as cláusulas do convenio non foron alteradas pola devandita ampliación de consignación que se imputa ao orzamento do ano 2020 e que abrangue dende o 25 de xaneiro de 2020 ata o 2 de outubro de 2020.

Fundamentos Xurídico-Administrativos:

O artigo 88 da derogada Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sinalaba que as Administracións Públicas podían celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico. Este convenio asinouse estando vixente a amentada disposición.

En calquera caso, con base no Principio de Liberdade de Pacto as Administracións Públicas poden celebrar os convenios que estimen por conveniente, e en consecuencia modificalos sempre que teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñan encomendado.

Na actualidade, o réxime xurídico dos convenios aparece establecido, máis polo miúdo, nos artigos 40 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

O artigo 6.2 da amentada Lei 30/92, de aplicación supletoria, sinalaba, no seu momento, que os instrumentos de formalización dos convenios deberán especificar, cando así proceda, o seguinte:

“a) Os órganos que celebran o convenio e a capacidade xurídica coa que actúa cada unha das partes.

b) A competencia que exerce cada Administración.

c) O seu financiamento.

d) As actuacións que se acorde desenvolver para o seu cumprimento.

e) A necesidade ou non de establecer unha organización para a súa xestión.

f) O prazo de vixencia, o que non impedirá a súa prórroga se así o acordan as partes asinantes o convenio.

g) A extinción por causa distinta á prevista no apartado anterior, así como a forma de determinar as actuacións en curso para o suposto de extinción”.

Neste intre, o contido dos convenios detállase, segundo se indicou, nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público. Precisamente o artigo 49, letra h) desta LRXSP establece, en canto ao prazo de vixencia dos convenios o seguinte:



“(…) h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente esté previsto un prazo superior.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

No caso de convenios subscritos pola Administración Xeral do Estado ou algún dos seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, esta prórroga deberá ser comunicada ao Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación ao que se refire a Disposición Adicional Séptima.”

A amentada previsión complementase coa Disposición Adicional Oitava da mesma Lei, sobre a adaptación dos convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública, e inscrición de organismos e entidades no Inventario de Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local.

“Todos los convenios vigentes suscritos por cualquier Administración Pública o cualquiera de sus organismos o entidades vinculados o dependientes deberán adaptarse a lo aquí previsto en el plazo de tres años a contar desde la entrada en vigor de esta Ley.

No obstante, esta adaptación será automática, en lo que se refiere al plazo de vigencia del convenio, por aplicación directa de las reglas previstas en el artículo 49.h).1.º para los convenios que no tuvieran determinado un plazo de vigencia o, existiendo, tuvieran establecida una prórroga tácita por tiempo indefinido en el momento de la entrada en vigor de esta Ley. En estos casos el plazo de vigencia del convenio será de cuatro años a contar desde la entrada en vigor de la presente Ley”.

O contido deste convenio xa foi adaptado á nova lexislación en prazo (tres anos dende o 2 de outubro de 2016), e na súa virtude, o 6 de abril de 2018 publicouse no BOE unha Resolución de data 15 de marzo de 2018, polo que se aprobou unha Addenda ao devandito convenio.

Tendo en conta as previsións amentadas, o prazo de duración máxima do convenio quedou establecido no 2 de outubro de 2020, sen posibilidade de prórrogas adicionais.

En canto á natureza do presente convenio cabe dicir que:

No momento da sinatura do convenio e das prórrogas anteriores, non lle era de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinalaba que quedaban excluídos do eido da citada Lei: “Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei”.

De acordo coa nova Lei de Contratos do Sector Público, o presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos, en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c).



O artigo 31 da Lei de Contratos do Sector Público, referido á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal establece: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6 (...)”.

A duración do acordo de adhesión estimábase nun ano prorrogable, e segundo o establecido no protocolo de adhesión, o convenio prorrogárase automaticamente polo mesmo período de tempo, salvo denuncia expresa por algunha das partes asinantes.

Na publicación realizada no BOE nº 84, de 6 de abril de 2018, pola Entidade Pública Empresarial Red.es do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, da Resolución de 15 de marzo de 2018, pola que se aprobou unha Addenda ao devandito convenio, recóllese na súa parte expositiva:

“(…) De conformidad con lo anterior, las partes acuerdan:

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 49.h)1º y en la disposición adicional octava de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, fijar como plazo de duración del Convenio hasta el 2 de octubre de 2020, sin posibilidad de prórrogas adicionales.

En aplicación de lo contemplado en la referida disposición adicional octava de la referida Ley, adaptar la siguiente cláusula undécima del Convenio en los términos que se indican a continuación:

Extinción y resolución. (...) Tercero.

Conforme a lo indicado en los considerandos sexto y séptimo de la presente Adenda, añadir en la cláusula décima del Convenio el siguiente párrafo: (...)”.

Tendo en conta que cada prórroga dun negocio convencional, sexa expresa ou tácita, implica orzamentariamente a adopción dun acordo de gasto que debe ser fiscalizado e aprobado polo órgano competente, e que neste caso concreto, de acordo co estipulado no protocolo de adhesión, a Deputación acepta o abono da tarifa de aplicación prevista, que segundo se precisa na solicitude de consignación orzamentaria non se prevé sufra modificación, de acordo coa información remitida pola entidade Red.es, para o período 25/01/2020 ao 02/10/2020, ascendendo a 4.636,24€ (I.V.E. engadido); débese incorporar ao expediente o correspondente certificado de existencia de crédito no vixente Orzamento Xeral de 2020 (cuxa aprobación definitiva foi publicada no BOP de Lugo número 003 do 4 de xaneiro).

A materia obxecto do presente convenio é competencia provincial en aplicación dos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno Local e pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado no BOP núm. 056, do 10 de marzo de 2011), en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, xa que o propio acordo de adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Caixas de Aforros, a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es, para a prestación do Servizo de Pago telemático na Administración Pública, foi adoptado en Xunta de Goberno de data 17 de decembro de 2010.

Por todo o exposto, en base ao establecido na normativa citada, infórmase favorablemente a asignación de crédito polo importe de 4.636,24€, para a prórroga do convenio con Red.es, polo período que vai dende o 25 de xaneiro de 2020 ao 2 de outubro de 2020, sen posibilidade de prórrogas adicionais, tendo en conta que as cláusulas do convenio non foron alteradas pola



devandita ampliación de consignación que se imputa ao orzamento do ano 2020, e que abrangue dende o 25 de xaneiro de 2020 ata o 2 de outubro de 2020.”

O Servizo de Intervención emite, con data 23 de xaneiro de 2020, informe de fiscalización favorable, unha vez comprobados os seguintes extremos:

A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado e suficiente á natureza do gasto ou obrigación que se propón contraer, entendendo que o crédito é adecuado cando financie obrigacións a contraer ou nada e non prescritas a cargo da Tesourería da Entidade, cumprindo os requisitos dos artigos 172 e 176 do TRLRFL

Que os gastos ou obrigacións propóñense ao órgano competente para a aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obriga. - Que existe informe- proposta do xefe da dependencia ou órgano xestor - Que os expedientes de compromiso de gasto responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente

Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral sobre o texto da prórroga

Con data 27 de xaneiro de 2020, o Ilmo. Sr. Presidente dita Resolución que literalmente di:

“Tras ver a proposta que textualmente di:

“En Xunta de Goberno desta Excm. Corporación, en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2010, adoptouse o acordo de aprobación da adhesión ao convenio de colaboración entre a Asociación de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Temporal de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es para a prestación do servizo de pago telemático na Administración Pública.

A duración estimada determinada no acordo é dun ano prorrogable. O texto do convenio determina a súa entrada en vigor a partir do día 25 de xaneiro de 2009.

Segundo o establecido no protocolo de adhesión o Convenio prorrogarase automaticamente polo mesmo período de tempo, salvo denuncia escrita do Convenio por unha das partes asinantes con tres meses de antelación á data de finalización do Convenio.

No Boletín Oficial do Estado nº 84, de 6 de abril de 2018, a Entidade Pública Empresarial Red.es do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicou Resolución do 15 de marzo de 2018, pola que se aprobou unha Adenda ao devandito convenio, na que se indica que:

“(…)Que no habiéndose producido la denuncia referida en el considerando anterior a la presente fecha, la duración del Convenio se ha prorrogado automáticamente y de forma tácita hasta el 25 de enero de 2019.

Que la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público (en adelante «LRJSP»), establece en su artículo 49.h).1.º que los Convenios suscritos por entidades del Sector público deben tener una duración determinada, que no podrá ser superior a cuatro años salvo que normativamente se prevea un plazo superior. Asimismo, dispone que las partes unánimemente podrán acordar su prórroga por un periodo de hasta cuatro años adicionales.

Que la disposición adicional octava de la LRJSP, indica que «todos los Convenios vigentes suscritos por cualquier Administración Pública o cualquiera de sus organismos o entidades vinculados o dependientes deberán adaptarse a lo aquí previsto en el plazo de tres años a contar desde la entrada en vigor de esta Ley.

No obstante, esta adaptación será automática, en lo que se refiere al plazo de vigencia del convenio, por aplicación directa de las reglas previstas en el artículo 49.h).1.º para los Convenios que no tuvieran determinado un plazo de vigencia o, existiendo, tuvieran establecida una prórroga tácita por tiempo indefinido en el momento de la entrada en vigor de esta Ley. En estos casos el plazo de vigencia del convenio será de cuatro años a contar desde la entrada en vigor de la presente Ley (..)

De conformidad con lo anterior, las partes acuerdan:



De conformidad con lo dispuesto en el artículo 49.h).1.º y en la disposición adicional octava de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, fijar como plazo de duración del Convenio hasta el de 2 de octubre de 2020, sin posibilidad de prórrogas adicionales (...)».

En Xunta de Goberno de 18 de xaneiro de 2019 acordouse:

“Prorrogar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Asociación de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Temporal de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es para a prestación do servizo de pago telemático na Administración Pública ata o 2 de outubro de 2020 (...)”.

Polo tanto, o prazo de duración do Convenio esténdese ata o 2 de outubro de 2020, sen posibilidade de prórroga adicional.

Tendo en conta o acordo de modificación das tarifas aplicables para o ano 2020, no marco do Convenio de colaboración entre a Asociación de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Temporal de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es para a difusión e implantación do servizo de pago telemático na administración local, que se xunta á presente solicitude e, de acordo co estipulado no protocolo de adhesión, no que a Excm. Deputación Provincial de Lugo acepta todas as condicións e termos do Convenio, incluída a antedita adenda, e o abono das tarifas de aplicación previstas, cuxa facturación será semestral, emitindo Red.es factura o primeiro día de cada semestre con pagamento a 30 días.

Polo anteriormente exposto, e á vista dos oportunos informes dos Servizos desta entidade, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

Manter a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Asociación de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Temporal de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es para a prestación do servizo de pago telemático na Administración Pública ata o 2 de outubro de 2020, sen posibilidade de prórroga adicional.

Aprobar o custo derivado da mesma por importe de 4.636,24 € (3.662,63+973,61 € IVE)”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

Á vista do anteriormente exposto propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Ratificación da Resolución de Presidencia de data 27 de xaneiro de 2020, relativa á aprobación de custes correspondentes á prórroga de adhesión ao convenio de colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Red.es para a prestación transitoria do servizo de pago telemático na Administración Pública de data 15 de xullo de 2008, pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 397/2019-C.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso número 397/2019-C, interposto pola entidade GRUPIVAZGLE, S.L., contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos ocasionados nun vehículo ao circular pola estrada LU-P-1611, P.K. 3,7, debido á existencia dunha fochanca na calzada; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade dos asistentes, acorda:



1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

12.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 408/2019-A.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 408/2019-a, interposto por D. José Claudio López López, fronte a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra o listado definitivo para a provisión de dous postos de traballo de funcionario, adjuntía Xefatura Parque Móbil desta Deputación; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.

13.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 421/2019-S.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 421/2019-S, interposto por Prado Lameiro, S.L., fronte ao acordo da Xunta de Goberno de 18 de outubro de 2019, polo que se desestima a solicitude de resolución do contrato de obra para a construción dun centro residencial en Pobra do Brollón; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.

14.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 715/2019

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Social nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do Procedemento Seguridade Social nº 715/2019, seguido a instancia de D. José Manuel Mouriz Broz, fronte ao Instituto Nacional da Seguridade Social, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e esta Deputación en materia de incapacidade; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no Procedemento referenciado.

2º.- A remisión, no seu caso, do expediente administrativo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.



15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.